

I. INFORMACIÓN NORMALIZADA SOBRE O CRÉDITO AO CONSUMO - COBRA CANDO QUEIRAS

As informacións resaltadas en letra grosa son especialmente relevantes, de acordo co previsto na Circular 5/2012, de 27 de xuño, do Banco de España.

DATOS PERSOAIS:

Cientes

TITULARES

OS SEUS DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido:

Segundo apelido:

Nome:

NIF:

O SEU DOMICILIO

Domicilio fiscal:

Código postal:

Número de teléfono:

1. Identidade e detalles de contacto do prestamista

Banco prestamista:

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.

Enderezo:

Plaza San Nicolás, 4 - 48005 BILBAO.

Número de teléfono:

900 102 801

Número de fax:

Enderezo do sitio web:

www.bbva.es

2. Descrición das características principais do produto de crédito

Tipo de crédito.	Préstamo con garantía persoal e con tipo de xuro fixo.
<p>Importe total do crédito.</p> <p><i>É dicir, o importe máximo ou a suma de todas as cantidades postas a disposición do consumidor no marco dun contrato de crédito.</i></p>	<p>O importe dunha nómina, con máximo de 5.000 €.</p> <p>Adiantas unha nómina, supoñamos que de 1.500 € e que a vas devolver en 6 meses.</p> <p>Pagarías 250 € ao mes durante os 6 meses seguintes, máis un pagamento único de 20 € (e 0,70 €/mes en gastos de correo).</p> <p>En total pagarías 1.524,20 €.</p> <p>Neste exemplo o TIN é 0 % e a TAE 5,26 %.</p> <p>Para o cálculo da TAE foron tidos en conta os gastos de correo: 0,70 € mensuais.</p>
<p>Condicións que rexen a disposición de fondos.</p> <p><i>É dicir, cando e como o consumidor obterá o diñeiro.</i></p>	<p>Disposición inmediata, mediante aboamento na conta dos solicitantes.</p>
<p>Duración do contrato de crédito.</p>	<p>Prazo de 6 meses máximo.</p> <p>Contados os meses desde a data de formalización.</p>

Os prazos e, se for o caso, a orde en que se realizarán os pagamentos a prazos.	Deberá vostede pagar o seguinte: Para o importe e o prazo indicados, 2 cotas mensuais de 500,00 euros cada unha, comprensivas de capital e xuros.
Importe total que deberá vostede pagar. É dicir, o importe do capital prestado máis os xuros e posibles gastos relacionados co seu crédito.	Para o importe e o prazo indicados: 1.524,20 €

* Os datos indicados neste documento están calculados na data indicada na epígrafe "Data de cálculo de datos".

3. Custos do crédito

Tipo debedor.	0,0000 % tipo de xuro nominal anual fixo.
Taxa anual equivalente (TAE). <i>A TAE é o custo total do crédito expresado en forma de porcentaxe anual do importe total do crédito. A TAE serve para comparar diferentes ofertas.</i>	<p>Para o exemplo sería: TAE 5,26 %</p> <p>Adianto de nómina de 1.500 euros. Prazo de devolución: 6 meses.</p> <p>Pagarías 250 € ao mes durante os 6 meses seguintes máis un pagamento único de 20 € (e 0,70 €/mes en gastos de correo). En total pagarías 1.524,20 €.</p> <p>Neste exemplo o TIN é 0 % e a TAE 5,26 %.</p> <p>Para o cálculo da TAE foron tidos en conta os gastos de correo: 0,70 € mensuais.</p> <p>Faise constar que a taxa anual equivalente (TAE) da operación, segundo o importe efectivo desta e os termos pactados contractualmente, foi calculada considerando as regras e a fórmula establecidas de conformidade coa Lei 16/2011, de 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, así como as seguintes hipóteses establecidas nesa lei e no que é de aplicación, na Circular 5/2012, de 27 de xuño, de Banco España:</p> <ul style="list-style-type: none"> (i) que o contrato se mantenga vixente durante o prazo de duración acordado; (ii) que todas as partes cumpran as obrigas con exactitude nas condicións e nos prazos acordados neste contrato; (iii) que non se aplique ningunha bonificación de xuro das previstas, se é o caso, no contrato. (iv) que se realiza unha disposición total do principal de préstamo na data de formalización. <p>A devandita TAE foi calculada baixo o suposto de que non se aplica ningunha bonificación de tipo de xuro.</p> <p>En caso de ter que abrir unha conta corrente exclusivamente para a xestión deste préstamo, e se non se cumpren as condicións para que esa conta non teña comisión de mantemento, esta comisión será de 60 € semestrais. Polo tanto, a TAE do préstamo sería do 20 % e o custo total de 1.584,20 €</p>

<p>É obrigatorio para obter o crédito (nas condicións ofrecidas) contratar unha póliza de seguros que garanta o crédito ou outro servizo accesorio? <i>Se os custos destes servizos non son coñecidos do prestamista non se inclúen na TAE.</i></p>	<p>NON</p> <p>O préstamo é para clientes do BBVA que dispoñen dunha conta corrente no BBVA onde poden domiciliar os pagamentos do préstamo. O seu custo figura no seu contrato específico.</p>
<p>Custos relacionados.</p>	<p>Comisión de apertura: 0,0000 % sobre o importe de cada disposición, mínimo 20,00 euros.</p>
<p>Honorarios obrigatorios de notaría.</p>	<p>A título informativo, indícanse os honorarios da intervención do fedatario público en función do importe da operación e que son unha mera transcripción do arancel notarial:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nas operacións cuxo vencemento non exceda de seis meses é o 1 por 1.000 sobre o importe da operación, para cobrar de cada parte contratante. - Nas operacións con vencemento superior a seis meses é o 1,50 por 1.000 sobre o importe da operación, para cobrar de cada parte contratante. <p>A pesar do establecido no citado arancel, aclárase que os honorarios serán por conta do solicitante.</p>
<p>Custos en caso de pagamentos atrasados. <i>A non realización dun pagamento poderá carrexar graves consecuencias (por exemplo a venda forzosa e o vencemento anticipado de todo o importe pendente) e dificultar a obtención dun crédito.</i></p>	<p>Vostede deberá pagar por pagamentos atrasados:</p> <ul style="list-style-type: none"> - un tipo de xuro equivalente ao xuro remuneratorio máis dous puntos porcentuais. - 30,00 € como gasto por reclamación de posicións debedoras: O BBVA informará o prestameiro, en caso de que deixe sen pagar algunha cota, mediante o envío de mensaxes a través da app do BBVA, www.bbva.es, correo electrónico, mensaxe ao seu teléfono móbil, notificación de calquera tipo ao correo tradicional, por teléfono, mediante xestións das nosas oficinas ou de colaboradores do BBVA. O banco lembraralle a necesidade de pagar as cotas pendentes para evitarlle un prexuízo económico. O banco cobrará ao prestameiro o gasto por reclamación de posicións debedoras que figura no apartado de "Condicións", para compensarse polas mencionadas xestións. Cobrará o gasto só unha vez polas xestións realizadas na reclamación de cada novo saldo.

4. Outros aspectos xurídicos importantes

<p>Dereito de desistencia. <i>Vostede ten dereito a desistir do contrato de crédito no prazo de 14 días naturais.</i></p>	<p>SI</p>
---	------------------

<p>Reembolso anticipado.</p> <p><i>Vostede ten dereito a reembolsar anticipadamente o crédito total ou parcialmente en calquera momento.</i></p>	<p>Os solicitantes poden optar por aplicar o importe a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A redución do prazo mantendo o importe das cotas. - A redución do importe das cotas mantendo o prazo. <p>Se o plan de amortización contemplase unha cota final superior ás demais, as amortizacións parciais que se efectúen darán lugar necesariamente á diminución do importe das cotas pendentes, excepto da cota final que manterá o seu importe, non variará o número de cotas e manterase o prazo total da operación.</p> <p>En caso de cancelación anticipada, vostede terá dereito á devolución dunha parte proporcional da comisión de apertura. O cálculo desta parte proporcional para devolver terá en conta o importe amortizado sobre o total pendente e poderá realizarse dunha das dúas formas que se detallan a continuación, dependendo das características do préstamo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Para préstamos con cotas mensuais constantes e con tipo de xuro superior ao 0 %: A porcentaxe de menores xuros para pagar como consecuencia da cancelación anticipada, sobre o importe total de xuros pactados ao inicio do préstamo, será a mesma porcentaxe que se aplique á comisión de apertura para calcular a parte para devolver ademais da porcentaxe de importe cancelado sobre o importe pendente. - Para o resto de préstamos: A porcentaxe para devolver será proporcional ao prazo que vai desde a data de cancelación ata a data pactada de vencemento do contrato sobre o prazo total pactado de duración do contrato e ao importe cancelado sobre o importe pendente.
<p>O prestamista ten dereito a compensación en caso de reembolso anticipado.</p>	<p>No momento da amortización anticipada, o banco percibirá como máximo un 1,0000 % sobre o importe do crédito reembolsado anticipadamente se o período restante entre o reembolso anticipado e a terminación acordada do contrato de crédito é superior a un ano. En caso contrario, a comisión percibida será como máximo un 0,5000 % sobre o importe amortizado anticipadamente.</p> <p>Adicionalmente á compensación por reembolso anticipado, o banco poderá esixir ao cliente o pagamento dunha cantidade de 11,50 euros. Esta cantidade deriva dos gastos administrativos que o reembolso anticipado do préstamo lle supón ao banco.</p>
<p>Dereito a un proxecto do modelo de contrato de crédito.</p> <p><i>Vostede ten dereito, logo dunha petición, a obter de forma gratuíta unha copia do proxecto de contrato de crédito. Esta disposición non se aplicará se no momento da solicitude o prestamista non está disposto a asinar con vostede o contrato de crédito.</i></p>	<p>SI</p>

<p>Consulta dunha base de datos.</p> <p>O BBVA ten que informalo/a, decontado e sen cargo do resultado, dunha consulta dunha base de datos se se rexeita a solicitude de crédito sobre a base dunha consulta deste tipo. Isto non se aplica se a difusión desa información está prohibida por unha lei ou polo Dereito da Unión Europea ou é contraria aos obxectivos de orde pública ou da seguridade pública.</p>	<p>Se no proceso de análise do risco crediticio se consultan ficheiros de solvencia económica e riscos de crédito e a solicitude é rexeitada, o banco informarao/a desta consulta.</p>
<p>Período durante o cal o prestamista está vinculado pola información precontractual.</p>	<p>Esta información será válida unicamente para o día da súa recepción por parte dos solicitantes.</p>

5. Información adicional en caso de comercialización a distancia de servizos financeiros

<p>a) Relativa ao prestamista</p> <ul style="list-style-type: none"> • Enderezo: • Número de teléfono: • Número de fax: • Enderezo do sitio web: • Rexistro: • A autoridade de supervisión: 	<p>Plaza de San Nicolás 4, 48005 BILBAO 900 102 801</p> <p>www.bbva.es</p> <p>Rexistro Mercantil de Biscaia - Tomo 2.083, folio 1, folla BI-17-A, inscrición 1035.</p> <p>Banco de España e Comisión Nacional do Mercado de Valores.</p>
---	---

<p>b) Relativa ao contrato de crédito</p> <ul style="list-style-type: none"> Exercicio do dereito de desistencia. 	<p>Os solicitantes teñen un prazo de 14 días naturais para exercelo, sen necesidade de indicaren o motivo. O prazo iníciase no día da sinatura do contrato. Non obstante, se non recibisen as condicións contractuais e a información contractual correspondente antes dese día, o prazo para exercer este dereito comezará a contar no día en que reciba a citada información.</p> <p>Os solicitantes deben deixar constancia ao prestamista da notificación por calquera modo admitido en dereito. Considérase que se respectou o prazo se a notificación foi enviada antes da expiración do prazo e en papel ou calquera outro soporte duradeiro a disposición do prestamista e accesible para el.</p> <p>O enderezo ao que se debe enviar a notificación será o da oficina do BBVA contratante.</p> <p>Os solicitantes deben pagar ao prestamista o capital e o xuro acumulado sobre ese capital entre a data de disposición do crédito e a data de reembolso do capital, nun prazo máximo de 30 días naturais desde o envío da notificación de desistencia.</p> <p>Os xuros debidos calcularanse sobre a base do tipo debedor acordado.</p>
<ul style="list-style-type: none"> A lexislación que o prestamista acepta como base para o establecemento de relacións con vostede antes da sinatura do contrato de crédito. 	<p>Para o establecemento de relacións antes da celebración do contrato será de aplicación a lexislación española.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Cláusula sobre a lexislación aplicable que rexe en relación co contrato de crédito e tribunal competente. 	<p>Ao contrato e ás relacións derivadas del será de aplicación a lexislación española.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Réxime lingüístico. 	<p>A información e os termos contractuais facilitaranse en castelán.</p> <p>Durante a duración do contrato de crédito comunicáronos con vostede en castelán.</p>

<p>c) Relativa ao recurso</p> <ul style="list-style-type: none"> Existencia e acceso aos procedementos. 	<p>Existe a disposición do solicitante un servizo de atención ao cliente para a xestión das súas queixas e reclamacións:</p> <p>Servizo de Atención ao Cliente Apartado de Correos 1598. 28080 Madrid Enderezo electrónico: servicioatencioncliente@grupobbva.com Teléfono gratuíto: 900 812 679</p> <p>En caso de desconformidade coa resolución do Servizo de Atención ao Cliente, os solicitantes pódense dirixir en segunda instancia ao Defensor do Cliente:</p> <p>Apartado de Correos 14460. 28080 Madrid Enderezo electrónico: defensordelcliente@grupobbva.com</p> <p>Antes de dirixirse ao Defensor do Cliente deberá formularse reclamación ao Servizo de Atención ao Cliente.</p> <p>O BBVA dispón dun regulamento para a defensa do cliente, ao que se pode acceder solicitándoo en calquera das oficinas do BBVA ou a través do web bbva.es nas ligazóns específicas de atención ao cliente.</p> <p>O prazo máximo para a resolución de queixas e reclamacións é de dous meses. Se despois deste tempo e unha vez esgotadas as distintas instancias que o BBVA facilita, non se resolverse o caso ou os solicitantes estivesen descontentos coa decisión final da súa reclamación ou queixa, poderase dirixir a:</p> <p>Servizo de Reclamacións do Banco de España Calle Alcalá nº 48. 28014 Madrid.</p> <p>Servizo de Reclamacións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións: Paseo de la Castellana nº 44 - 28046 Madrid.</p> <p>O banco non está adherido a unha xunta arbitral de consumo para a resolución de conflitos relacionados con este contrato.</p>
--	---

A presente información normalizada sobre o produto de financiamento indicado ao inicio deste documento non implica a súa concesión polo banco nin oferta vinculante relativa ao crédito obxecto deste.

MOI IMPORTANTE.

É IMPRESCINDIBLE QUE CONSULTE CALQUERA CUESTIÓN OU ACLARACIÓN COA OFICINA BBVA E QUE NON ASINE O CONTRATO DO PRODUTO OU SERVIZO SE TEN ALGUNHA DÚBIDA.

O banco, de acordo coa información sobre as necesidades e situación financeira recibida do/s solicitante/s, facilitoulle con carácter previo a este contrato explicacións adecuadas e suficientes sobre distintos produtos ofertados para que poida comprender as súas características e decidir sobre a contratación do que considera máis apropiado aos seus intereses.

Así mesmo, o banco informouno de que pode consultar en calquera das súas oficinas, no seu sitio web (www.bbva.es) así como no do Banco de España (www.bde.es), a información das comisións e tipos de xuro máis habituais para operacións máis frecuentes celebradas entre o BBVA e os seus clientes persoas físicas no último trimestre.

No proceso de contratación deste produto/servizo non lle prestou un servizo de asesoramento en materia bancaria e, por conseguinte, non emitiu ningunha recomendación personalizada con base no conxunto da súa situación patrimonial con respecto ao produto/servizo ao que se refire o presente contrato nin llo presentou como idóneo para o seu perfil, o que o/s solicitante/s recoñece/n e acepta/n.

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.
 p.p.

As partes solicitantes reciben o presente documento, na data que consta no encabezamento, nos termos que se establecen nel.